

Concello de Mugardos
(A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Alcalde-Presidente

Juan Domingo De Deus Fonticoba

Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO PARA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2021.

Tendo en conta que mediante Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro, tense prorrogado, ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, o estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Tendo en conta, así mesmo, que mediante o Decreto 5/2021, do 19 de Xaneiro (DOG núm. 11-bis de 19.01.2021), polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARSCoV-2, téñense elevado, no Concello de Mugardos, as restricións ata o nivel máximo, á vista da situación epidemiolóxica que estamos a padecer.

Vista a relación de expedientes concluídos dispostos polo Secretario, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos artigos 46 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Atendido que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións.


E tendo en conta o establecido no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Convocar a próxima sesión ordinaria do Pleno da Corporación, que sé levará a cabo de xeito telemático, o día 27 de xaneiro de 2021 ás 19.30 horas, para tratar dos asuntos que se expresan na orde do día.

Para a conexión das/os Sras./Sres Concelleiras/os, remitirase á súa dirección de correo electrónico corporativo, con carácter previo á celebración da sesión, un enlace para o seu acceso á mesma; conexión que se verificará con ao menos 10 minutos de antelación á hora fixada para o inicio da sesión, aos efectos de

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Mugardos
(A Coruña)

realizar unha comprobación do funcionamento axeitado da mesma e de levar a cabo a toma de razón de asistentes pola Secretaría.

SEGUNDO. Que o Secretario leve a cabo os trámites legais oportunos para a notificación dos membros da Corporación.

TERCEIRO. Fixar o seguinte

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 30.12.2020 (22/2020).
- 2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A BONIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 6 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO.
- 3.- DAR CONTA DO INFORME RESUMO ANUAL DE CONTROL INTERNO.
- 4.- DAR CONTA DO ESCRITO DE ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS/AS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS PRESENTADO POLA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDASON EN COMÚN.
- 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELLEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 1133/2020 Á 1168/2020, AMBAS INCLUSIVE, E DA 1/2021 Á 51/2021, AMBAS INCLUSIVE
- 6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).